



China: a receita do prodixio ¿Cómo chegou ata aquí? Salvador Beltrán Talamantes, Valencia, Editorial Tirant Lo Blanch (2025)

Description

China está presente en todas as noticias, na maioría dos produtos que compramos, nas negociacións internacionais, mesmo nas nosas conversacións. Porque China é punteira en tecnoloxía, avances científicos, desenvolvementos industriais e patentes, e ocupa o primeiro lugar no comercio mundial tanto por volume como por número de países. A súa presenza na xeopolítica e o seu protagonismo globalizado medran rapidamente.

O seu modelo político é provocadoramente alternativo ao occidental. ¿Que queda do comunismo de antano? ¿Que significa un modelo de Socialismo con características chinesas? ou de Economía de mercado socialista?

Sobre todo isto trata o ensaio realizado por Salvador Beltrán, prologado por Xulio Ríos, asesor emérito do Observatorio de Política China. Analiza cal é a receita que orientou este prodixio sen parangón na historia. Descóbranos unha China eficaz, pragmática, de posicións claras e futuro prometedor. Revela os elementos máis determinantes do seu éxito, critica a política de falta de liberdades e afonda nas razóns culturais que tratan de xustificalas.

En definitiva, unha análise innovadora que nos permite saber: ¿como é posible que China chegase ata aquí?

O libro aborda a enorme evolución do país desde a perspectiva da súa filosofía política, do transgresor modelo económico, dos aspectos sociolóxicos, culturais e ideolóxicos do contexto histórico desde 1979 ata a actualidade, así como dos deseños estratégicos e dos equilibrios renovadores fronte aos involucionismos.

Todo isto cunha pregunta final: ¿en que medida é exportable ou imitable este modelo? ¿Que cousas se poden aprender?

É evidente que Europa segue a ser a bráxula política cuxa fortaleza reside fundamentalmente nos Dereitos Humanos e nas garantías das liberdades políticas da cidadanía.

Porén, atopámonos ante un mundo completamente distinto ao do século XX, cunha nova orde xeopolítica na que a nova división de bloques está liderada, por unha banda, por uns EUA que, con Trump á fronte, están a descender de forma acelerada nos seus graos de democracia, ao tempo que fomentan a imaxe dun socio pouco fiable e agresivo; pola outra banda, o liderado representado China, que agrupa na súa órbita, cada vez máis, os países en desenvolvemento, que xa suman o 51 % da poboación mundial se consideramos os BRICS e os seus socios estratégicos. O liderado de

China é incuestionable, así como a súa evolución prodixosa. A sociedade chinesa avanza a unha velocidade como ningunha outra potencia o fixo nunca.

Non podemos fundamentar as nosas análises en opinións, crenzas ou prexuízos. E iso é o que pretende S. Beltrán con esta análise: explicar cales son os elementos que propiciaron que China sexa hoxe a segunda potencia mundial, quen foi o seu artífice e que papel xoga o seu líder, Xi Jinping. Porque o que é seguro é que un prodixio así, este crecemento vertixinoso en todos os ámbitos sociopolítico-económicos, non é froito da casualidade.

O libro non pretende facer un exame de "aprobado" ou "suspense" do rexime chinés. É unha análise de bisturá na que a crítica negativa se alterna, sen apriorismos, cos recoñecementos positivos. A experiencia chinesa é demasiado importante en todos os sentidos como para resolvela cunha cualificación global.

A análise do libro céntrase nos elementos diferenciais respecto ao modelo occidental, en observar as discrepancias e en tratar de ver as razóns que levan os chineses a adoptar determinadas solucións. Non é sensato pensar que China sexa capaz dese enorme prodixio que levou a centos de millóns de persoas da máis radical pobreza a un nivel de vida homologable ao das grandes democracias sen incluír ningunha idea interesante.

Ademais, o estilo no que se presenta o libro é didáctico, áxil e de argumentación doada de seguir, ben organizado, cun índice que abre a xanela á súa comprensión, e cunha coherencia interna que entrelaza os capítulos. Prioriza os contidos e os valores para que o lector poida construír con facilidade unha estrutura do seu coñecemento sobre o país desde a filosofía política, a económica e o edificio de ideais alternativos.

Un libro que nos propón abrir a mente, ser críticos e analíticos, reflexionar e, sobre todo, dialogar co noso mundo do século XXI.

[Ficha do libro na editorial Tirant](#)

APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

China e o mundo chinés

ETIQUETAS

China Libros

INVESTIGACION

Observatorio de la Política China

Date Created

Marzo 12, 2026

Meta Fields

Autoría : 3769

Subtítulo : **Recensión de Ana Noguera Montagud (Escritora. Doutora en Filosofía. Membro do Consell Valencià de Cultura). Recensión publicada no Tempo Exterior nº51 (xullo-dembro 2025)**